



Carlos Blanco, Fred Martins e Uxía (de esquerda a dereita), onte, cantando no Concello. DAVID FREIRE

O privilexio dos cantos

► O festival lusófono 'Cantos na maré' xuntará en Pontevedra o vindeiro 19 de decembro a Fred Martins, Tito Paris e Raquel Tavares

BELÉN LÓPEZ

PONTEVEDRA. «Temos un privilexio», sinalaba onte o actor arousán Carlos Blanco no Concello de Pontevedra. «Cos brasileiros entendémonos perfectamente. E más alá hai incluso una conexión no sentido do humor». O músico Fred Martins coincidía con el. «Entre todos os países lusófonos existe unha proximidade que actualiza e fortalece este festival. Temos detalles musicais semellantes e tamén na maneira de ser».

Blanco e Martins coincidiron na presentación da séptima edición de 'Cantos na Maré', un evento que coordina Uxía Senlle e que se cele-

brará o 19 de decembro no Pazo da Cultura. Desta vez os artistas que subirán ao escenario serán o caboverdiano Tito Paris, a portuguesa Raquel Tavares e o brasileiro Fred Martins. Este último xa estaba onte en Pontevedra para colaborar na presentación do festival... incluso cantando.

As entradas para o festival 'Cantos na Maré' están á venda en www.servinova.es e no 902504500 a un prezo de 10 euros

Senlle explicou que este ano, por primeira vez, 'Cantos na Maré' xa se celebra antes de chegar a Pontevedra. Fíxose hai unhas semanas no Brasil. «Porque o caso é que este espectáculo naceu con vocación viaxeira, con intención de moverse por todos os países que nel están implicados», contou Uxía. Ese debut no Brasil era precisamente o que xustificaba a presenza de Carlos Blanco onte no Concello: o arousán viaxou para participar no espectáculo ao outro lado do Atlántico. «E curiosamente, nun país tropical, o que botei en falta foi a calidez do público pontevedrés. É curioso, non?».

O fotógrafo José Romay pinta de 'grande azul', o Museo do Mar de Galicia


VIGO. 'No Grande Azul' é o título da mostra que se inaugura hoxe no Museo do Mar de Galicia (20,00 horas). A exposición xurdiu do traballo que o gañador da 'I Bolsa de creación fotográfica: O Mar', José Romay, ten desenvolvido nos últimos meses tras obter o premio que convocan o Museo do Mar e o Centro de Estudios Fotográficos -CEF-.

O fotógrafo pontevedrés, tras gañar o concurso no mes de maio, tivo a oportunidade de embarcarse no barco Cantábrico III rumbo ao Gran Sol, onde realizou a maior parte do traballo que agora se expón. Xa de volta elixiu 30 imaxes para a mostra.



O deseñador valenciano Ángel Luis González gaña o VIII Concurso Francisco Mantecón de Deseño


Más de 1.400 obras de todo o mundo participaron este ano no Concurso Francisco Mantecón de Deseño, que convocan as adegas Terras Gaudí. A entrega de premios tivo lugar onte en Vigo e estivo presidida por Alberto Núñez Feijóo. O gañador do primeiro premio (10.000 euros) foi o deseñador valenciano Ángel Luis González. DP



Mercado, vendedoras de castañas. A Coruña, 8 decembro 1925. (Arquivo da Historia. Society of America)

Ruth Matilda Anderson: Unha mirada de antano

Ata o 28 de febreiro
Sede Fundación Caixa Galicia
A Coruña



Auga, o sangue da terra

Ata o 28 de febreiro
Sede Fundación Caixa Galicia
Ferrol



Juan Muñoz, Laughing Chinese man with mirror

MIRADAS

Cara ao paraíso
Ata o 30 de marzo
Sede Fundación Caixa Galicia
Santiago

Únete. Diviértete. Emocionate.

caixagalicia

CAIXA GALICIA

www.fundacioncaixagalicia.org